| | Nome e Apelidos | Ref. Catastral | Lugar | Vial ou Vial Gabia |
| **CONCELLO DE MONDOÑEDO** | | | | |
| 10 | Descoñecido (Ilmo. Sr. Fiscal da Audiencia Provincial) | 291532 | Chao da Ferradura | 310 |
| 40 | Alfonso Lorigados Basanta | 291557 | O Pozo | 284 |
| 40 | Remedios Candia Rivas e outros dous | 291557 | O Pozo | 284 |
| 40 | Jose Maria Candia Cabanas | 291557 | O Pozo | 284 |
| 43 | Germán Rubiños Diaz | 291557 | O Pozo | 63 |
| **CONCELLO DE ABADÍN** | | | | |
| 60 A | Emilio Otero Paz | 505681 | A Regalada | 486 |
| 60 B | Hdos de Emilio Guerra Nieto | 504506 | Chousa de Riba | 388 |
| 61 | Sara Otero Otero | 504675 | O Foro | 255 |

R. 1391

## EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO

### SECCIÓN DE ACTAS

*Anuncio*

Aprobada polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de maio de dous mil dezaoito, a "Modificación do Orzamento da Deputación 2018, mediante suplemento de crédito", exponse ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, por espazo de quince días, en cumprimento do disposto no artigo

169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións ó mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado

Lugo, trinta de maio de dous mil dezaoito.- **O PRESIDENTE**, Darío Campos Conde. **O SECRETARIO**, Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 1467

---

*Anuncio*

Aprobada polo Pleno desta Corporación en sesión ordinaria celebrada o día vinte e nove de maio de dous mil dezaoito, a "Modificación do Orzamento da Deputación 2018, vía transferencia e suplemento de crédito", exponse ao público na Secretaría desta Entidade Provincial, por espazo de quince días, en cumprimento do disposto no artigo 169.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais; durante os cales admitiranse reclamacións e suxestións ó mesmo. Transcorrido dito prazo sen que se produzan reclamacións ou suxestións entenderase definitivamente aprobado

Lugo, trinta de maio de dous mil dezaoito.- **O PRESIDENTE**, Darío Campos Conde. **O SECRETARIO**, Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

R. 1468

---

## SERVIZO DE CONTRATACIÓN E FOMENTO. UNIDADE DE OBRAS E PLANS

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

Conforme ao disposto no art. 32.4 do R.D.L. 781/1986 do 18 de abril, polo que se aproba o Texto Refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sométese a información pública por espazo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte á publicación no B.O.P. deste anuncio, o expediente completo no que se inclúe o seguinte Plan de Cooperación:

**PLAN PROVINCIAL ÚNICO DE COOPERACIÓN COS CONCELLOS 2018.**

Lugo, 29 de maio de 2018. O PRESIDENTE, Darío Campos Conde. P.D. Decreto nº 0402 de 24 de febrero de 2017 .O DEPUTADO PROVINCIAL, PABLO RIVERA CAPON. O SECRETARIO, Cristobal Víctor Fraga Bermejo.

"O PRESIDENTE, P.D. Decreto nº 0402/ 2017, de data 24-02-2017O DEPUTADO PROVINCIAL, Pablo Rivera Capón.

R. 1451

---

# CONCELLOS

## BECERREÁ

*Anuncio*

**INFORMACIÓN PÚBLICA**

Dacordo co disposto no art. 169.3 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo polo que se aproba o Texto Refundido da Lei Reguladora das Facendas Locais ó que se remite o art. 177 do mesmo, e no art. 20.3 en relación co art. 38.2 do Real Decreto 500/90, de 20 de abril, faise público para xeral coñecemento, que esta Corporación Municipal en sesión plenaria celebrada o día 5 de abril de 2018, adoptou o acordo de aprobación definitiva ó non presentarense reclamacións contra o expediente de modificación de créditos número 03/2018 consistente en suplemento de crédito con aplicación do superávit orzamentario con cargo ao Remanente de Tesourería para gastos xerais resultante da Liquidación do orzamento do ano 2017 aprobada pola Alcaldía con data 19 de marzo de 2018. Expediente nº 457/2018.

Coas modificacións acordadas, o resumen por Capítulos do Orzamento de Gastos do 2018, queda fixado segundo se detalla.

DEPUTACION DE LUGO

## COMISIÓN DE ECONOMÍA, RECADACIÓN E FACENDA

## DITAME

Vista a Proposta da Presidencia en relación co punto epigrafiado ***"2.Modificación do orzamento xeral 2018, mediante suplemento de crédito."***, a Comisión Informativa de Economía, Recadación e Facenda, por maioría, coa abstención dos Sres. Deputados, D. José Demetrio Salgueiro Rapa, representante do Grupo Provincial Popular, de D. Xosé Ferreiro Fernández, representante do Grupo Provincial do BNG, e de D Manuel Martínez Núñez, deputado non adscrito, acorda informar favorablemente a proposta sinalada no epígrafe, e propoñer ó Pleno a súa aprobación, se procede.

Pazo Provincial de Lugo, a 24 de maio de 2018.

EXCMA. DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
PLENO
Sesión do día ........29 MAYO 2018..........

CÚMPRASE:
"O PRESIDENTE
P.D. Decreto n. 0402, de data 24-02-2017
O DEPUTADO PROVINCIAL,

Asdo.: Pablo Rivera Capón"

APROBADO:
O SECRETARIO

Intervención

DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE LUGO
http://www.diputacionlugo.org
e-mail: info@diputacionlugo.org

San Marcos, 8 – 27001 Lugo
Teléfono 982 260 000
FAX 982 260 165

# Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2018, mediante Suplemento de Crédito.

(Pleno maio 2018)

- Proposta da Presidencia.
- Informe de Intervención.
- Incoación.
- Memoria.
- Proposta de Acordo.
- Informe de Intervención á Proposta de Acordo.

# Proposta da Presidencia

Dentro das funcións propias do ente provincial, e para que estas se presten e executen do mellor xeito posible, é preciso atender a actuacións de carácter urxente non previstas, e que non se poden adiar a exercicios posteriores. O seu financiamento farase con cargo aos remanentes de tesourería existentes.

A Deputación de Lugo é sensible na colaboración cos Concellos da provincia como razón básica do ente provincial; foino en exercicios precedentes e debe selo no futuro. É unha aposta desta Presidencia.

Neste contexto, e nunha actuación responsable, cómpre acometer un esforzo suplementario na medida das dispoñibilidades económicas existentes, para dotar dos maiores recursos ás aplicacións dedicadas á colaboración cos Concellos e tamén ao investimento que redunde nas persoas. Con esa finalidade, plasmando a vontade dos grupos políticos representados nesta Deputación, estímase preciso adoptar un conxunto de medidas encamiñadas á realización dunha modificación orzamentaria, vía suplemento de crédito, de xeito que ás aplicacións do orzamento inicialmente aprobado, sexan incrementadas, mediante a utilización de remanentes de tesourería existentes. Os fondos previstos inicialmente no orzamento para este exercicio económico vense incrementados nesas partidas, froito do esforzo de xestión e da decisión firme de colaborar, na medida do posible, coa dinamización da actividade económica na nosa provincia que redundará, de xeito seguro, nunha mellora na calidade dos servizos prestados polos Concellos e nunha mellor atención ás persoas.

As circunstancias expostas reflicten o carácter urxente e que non se poda adiar a súa execución a exercicios orzamentarios posteriores. Entendemos que non se poden ter recursos ociosos mentres os veciños da provincia soportan múltiples carencias que estas actuacións pretenden mitigar.



San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.:982 260 000 - Fax: 982 260 195 www.deputacionlugo.org

Polo exposto e coa xustificación referida proponse que se realicen no orzamento do ano 2018 as seguintes modificacións orzamentarias, pola vía do suplemento de crédito con cargo a remanentes de tesourería de exercicios orzamentarios anteriores:

**INVESTIMENTOS EN CONCELLOS**

Para mellorar a atención das emerxencias considérase necesario equipar con equipos desfibriladores aos Concellos, para o que se van a destinar 50.000,00€. Así mesmo, para distribuír entre os concellos da provincia e ofrecer un mellor servizo aos veciños, destínanse 100.000,00€ para a adquisición de marquesinas, co que é preciso suplementar as aplicacións orzamentarias 1350.65009 (Protección Civil) e 1531.65009 (Vías Públicas).

**CANCEIRAS ZONA SUR DE LUGO**

Os animais sen fogar, perdidos ou abandonados, son cada vez máis un problema na nosa sociedade, e polo simple principio do respecto á dignidade animal a Deputación sempre foi sensible coa colaboración coas protectoras de animais que na provincia se encargan de atender estas problemáticas que non podemos adiar. A situación das canceiras precisa, na medida das nosas posibilidades, a colaboración da Deputación e agora vaise formalizar con actuacións nas canceiras na zona sur de Lugo por un importe de 200.000,00€. A competencia do servizo é municipal e a Deputación colabora cos Concellos unha vez ,máis para o que é preciso suplementar a aplicación 1720.65009.

**CENTROS DE ANTENCIÓN A MAIORES**

A actuación prevista para a construción e equipamento da residencia para a terceira idade en Guitiriz, é prioritaria para esta Presidencia, estando previsto que se formalice seguindo o modelo  de cooperación interadministrativa xa subscrito con outros concellos da provincia. Por iso, dado que a súa execución vaise realizar a través da cooperación co Concello, é preciso suplementar o crédito por 300.000,00€ na aplicación orzamentaria 2315.65009.



San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.:982 260 000 - Fax: 982 260 195 www.deputacionlugo.org

## CARRIL BICI

Para completar as dotacións na zona do Río Rato en Lugo, onde se está a executar o Alumeado Público, faise preciso o acondicionamento dun carril bici, polo que é necesario dotar de crédito en 600.000,00€ a aplicación orzamentaria 1720.65009.

## RECUPERACIÓN DE TERRAS

Dende a área de cooperación e ante a demanda existente, faise preciso proseguir coa liña de recuperación de terras neste orzamento, por importe de 300.000,00€, para a incorporación de terras á superficie produtiva, sendo necesario suplementar a aplicación orzamentaria 4590.779 no dito importe.

## INVESTIMENTOS EN TURISMO

No Plan estratéxico de turismo inclúese accións e entre outras un Plan de sinalización intelixente provincial que abarca a súa vez varias actuacións, tanto na zona centro de Lugo para unha mellor sinalización dos puntos de maior importancia turística, como nas entradas por estrada na nosa provincia, establecendo uns puntos de información turística "on line" para descargar mediante APP a información mais relevante, por elo é necesario dotar de crédito orzamentaria na aplicación 4320. 640 en 250.000,00€ para accións do PET.

## PREMIOS

Este ano tres equipos deportivos da provincia ascenderon a primeira categoría nacional. A Deputación sempre colaborou co deporte e nesta ocasión quere premiar o resultado acaecido polo esforzo e dedicación dos equipos Emeve, Breogán, e Ensino, por importes de 25.000,00€, 50.000,00€, e 25.000,00€ respectivamente, polo que é necesario suplementar o crédito da aplicación orzamentaria 3410.481 en 100.000,00€.


San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.:982 260 000 - Fax: 982 260 195 www.deputacionlugo.org

## TRANSFERENCIAS DE CAPITAL A CONCELLOS

A estas accións e actuacións vanse dedicar 2.290.000,00€ na aplicación orzamentaria 9430.762 xa que a situación na que se atopan os Concellos, pola importante redución dos ingresos, aconsella esta achega de fondos para a realización de investimentos en servizos de carácter municipal. O obxectivo é que aqueles redunden en mellorar a vida diaria dos habitantes desta provincia e dinamizar actividade económica dos municipios.

Polo exposto PROPOÑO a modificación do Orzamento da Deputación de Lugo para o ano 2018, vía suplemento de crédito, con cargo ao remanente líquido de tesourería de exercicios anteriores de acordo co seguinte detalle:

| Actuacións | Aplicación Orzamentaria | Importe |
|---|---|---|
| **Investimentos en Concellos** | | |
| Desfibriladores 50.000,00 | Protección Civil 1350.65009 | 50.000,00€ |
| Marquesinas 100.000,00 | Acceso ós núcleos de poboación 1531.65009 | 100.000,00€ |
| | **Total** | **150.000,00€** |
| **Canceiras Comarcais e Carril Bici** | | |
| Lugo zona Sur 200.000,00<br>Carril bici 600.000,00 | Prot. e mellora medio ambiente 1720.65009 | 800.000,00€ |
| | **Total** | **800.000,00€** |
| **Centros de Atención a Maiores** | | |
| Guitiriz | Centros de atención a maiores 2315.65009 | 300.000,00€ |
| | **Total** | **300.000,00€** |
| **Premios** | | |
| Emevé 25.000,00<br>Breogán 50.000,00<br>Ensino 25.000,00 | Prom. e fomento do deporte 3410.481 | 100.000,00€ |
| | | **100.000,00€** |
| **Investimentos en Turismo** | | |
| Plan Estratéxico de Turismo | Inform. e promoción turística 4320.640 | 250.000,00€ |
| | **Total** | **250.000,00€** |



San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.:982 260 000 - Fax: 982 260 195 www.deputacionlugo.org

| | | |
|---|---|---|
| **Recuperación de Terras** | | |
| Recuperación de Terras | Outras infraest. de int. veciñal 4590.779 | 300.000,00€ |
| | | **300.000,00€** |
| **Transferencias de Capital a Concellos** | | |
| (Outras) | Transferencias de Capital a outras Entidades Locais 9430.762 | 2.290.000,00€ |
| | **Total** | **2.290.000,00€** |

**TOTAL** **4.190.000,00€**

Lugo, 18 de maio de 2018,
O Presidente,

Darío Campos Conde


San Marcos, 8 – 27001 Lugo – Tel.:982 260 000 – Fax: 982 260 195 www.deputacionlugo.org

# Informe de Intervención

**Asunto:** Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2018, vía Suplemento de Crédito

Logo de ver a proposta da Presidencia de 18.05.2018 sobre modificación do Orzamento para dotar consignación orzamentaria con cargo a Remanentes de Tesourería para executar as seguintes actuacións:

| Actuacións | Aplicación Orzamentaria | Importe |
|---|---|---|
| **Investimentos en Concellos** | | |
| Desfibriladores 50.000,00 | Protección Civil 1350.65009 | 50.000,00€ |
| Marquesinas 100.000,00 | Acceso ós núcleos de poboación 1531.65009 | 100.000,00€ |
| | **Total** | **150.000,00€** |
| **Canceiras Comarcais e Carril Bici** | | |
| Lugo zona Sur 200.000,00<br>Carril bici 600.000,00 | Prot. e mellora medio ambiente 1720.65009 | 800.000,00€ |
| | **Total** | **800.000,00€** |
| **Centros de Atención a Maiores** | | |
| Guitiriz | Centros de atención a maiores 2315.65009 | 300.000,00€ |
| | **Total** | **300.000,00€** |
| **Premios** | | |
| Emevé 25.000,00<br>Breogán 50.000,00<br>Ensino 25.000,00 | Prom. e fomento do deporte 3410.481 | 100.000,00€ |
| | | **100.000,00€** |
| **Investimentos en Turismo** | | |
| Plan Estratéxico de Turismo | Inform. e promoción turística 4320.640 | 250.000,00€ |
| | **Total** | **250.000,00€** |



San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.:982 260 000 - Fax: 982 260 195 www.deputacionlugo.org

| **Recuperación de Terras** | | |
|---|---|---|
| Recuperación de Terras | Outras infraest. de int. veciñal 4590.779 | 300.000,00€ |
| | | **300.000,00€** |
| **Transferencias de Capital a Concellos** | | |
| (Outras) | Transferencias de Capital a outras Entidades Locais 9430.762 | 2.290.000,00€ |
| | **Total** | **2.290.000,00€** |

**TOTAL** **4.190.000,00€**

Emítese o seguinte **INFORME**:

1.) Para dotar o crédito necesario nas aplicacións orzamentarias precisas para a execución das actuacións anteriores, procede a seguinte modificación de crédito consistente en:

**Suplemento de Crédito:**

| **Aplicacións orzamentarias** | | **Importe** |
|---|---|---|
| 1350.65009 | Protección Civil, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos | 50.000,00 |
| 1531.65009 | Acceso ós núcleos de poboación, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos | 100.000,00 |
| 1720.65009 | Protección e mellora do medio ambiente, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos | 800.000,00 |
| 2315.65009 | Centros de Atención a Maiores, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos | 300.000,00 |
| 3410.481 | Prom. e fomento do deporte, Premios, becas, pensións de estudo e investigación | 100.000,00 |



San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.:982 260 000 - Fax: 982 260 195 www.deputacionlugo.org

| | | |
|---|---|---|
| 4320.640 | Inform. e promoción turística, Gastos en investimentos de carácter inmaterial | 250.000,00 |
| 4590.779 | Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral | 300.000,00 |
| 9430.762 | Transferencias de Capital a outras Entidades Locais | 2.290.000,00 |

TOTAL 4.190.000,00

2.) Polo exposto, a que subscribe informa:

1. O artigo 177 do TRLRFL, os artigos 35 a 38 do RD 500/90, e a base nº6 de execución do Orzamento Xeral 2018, regulan as modificacións de crédito, mediante as cales se asigna crédito (consignación orzamentaria) para a realización dun gasto específico e determinado que non se pode demorar ata o exercicio seguinte e para o que non existe crédito ou o existente é insuficiente.
2. Segundo a normativa anterior, o gasto poderase financiar con cargo ao remanente líquido de tesourería, con novos ou maiores ingresos recadados sobre dos totais previstos no orzamento corrente, e mediante anulacións ou baixas de créditos de gastos doutras aplicacións orzamentarias do orzamento vixentes non comprometidas, cuxas dotacións se estimen reducibles sen perturbacións do respectivo servizo. Se o gasto se refire a un investimento, pódese financiar con recursos procedentes de operacións de crédito.
3. En materia de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira a normativa de aplicación é a LOE e o REO na súa aplicación ás Entidades locais, en todo o que non se opoña ao previsto na LOE.

   O artigo 16.2 do REO require informe da intervención local sobre o cumprimento do obxectivo de estabilidade que se incorporará ao previsto (entre outros) no artigo 177.2 do TRLRFL, referido á aprobación da modificación orzamentaria mediante créditos extraordinarios e suplementos de crédito.

   O Orzamento Xeral 2018 cumpre coa estabilidade orzamentaria no momento da súa aprobación, e a liquidación do Orzamento 2017 cumpre co principio de estabilidade orzamentaria e ca regra de gasto de acordo ó



San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.:982 260 000 - Fax: 982 260 195 www.deputacionlugo.org

Plan Económico Financeiro 2016-2017, segundo o informe de Intervención unido á Conta Xeral do 6 de maio do 2018.

Doutra banda, o Ministerio de Facenda e Función Pública en resposta a consultas da normativa de orzamentos das EELL, manifesta que as modificacións deben aprobarse dando cumprimento ás normas orzamentarias contidas no TRLRFL e ao RD500/90, podendo valorarse o cumprimento do obxectivo de estabilidade e da regra de gasto de forma trimestral coincidindo coa obriga de remitir tal información no marco da Orde 2105/2012, do 1 de outubro.

4. Segundo a regulación do citado expediente é necesario a seguinte tramitación:

   1°. Serán incoados por orde do Presidente da Corporación.

   2°. A proposta deberase acompañar dunha Memoria xustificativa da necesidade da medida que deberá precisar:

   - A clase de modificación a realizar.
   - Aplicacións orzamentarias ás que afecta.
   - Medidas e recursos que a financian, e acreditar:

     Carácter específico e determinado do gasto a realizar, e a imposibilidade de demoralo a exercicios posteriores.

     A inexistencia ou insuficiencia no estado de gastos do Orzamento de crédito destinado a esa finalidade específica.

   3°. A proposta de modificación, previo informe da Intervención, será sometida ao Pleno da Deputación, e rexerán os mesmos trámites e requisitos que para os orzamentos.

C. O órgano competente para a aprobación inicial das citadas modificacións é o Pleno da Excma. Deputación segundo o artigo 33.2.c) da Lei 7/85 e o artigo 177.2 do TRLRFL.

Lugo, a 18 de maio de 2018.

A INTERVENTORA,

Rosa Abelleira Fernández



San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.:982 260 000 - Fax: 982 260 195 www.deputacionlugo.org

DEPUTACION DE LUGO

# Incoación

Pola presente, ordénase a **incoación** de expediente de modificación orzamentaria, vía suplemento de crédito, co fin de executar as actuacións prioritarias e urxentes que se poñen de manifesto, financiándose con Remanente Líquido de Tesourería por un importe de 4.190.000,00 €.

Lugo, 18 de maio de 2018,
O PRESIDENTE,

Darío Campos Conde

# Memoria

Visto informe de Intervención do 18 de maio do ano en curso, confecciónase a presente memoria, xustificativa da **modificación orzamentaria de suplemento de crédito, no Orzamento da Deputación para 2018**.

A consignación orzamentaria é insuficiente para a execución total das actuacións que figuran na Proposta da Presidencia e recollidas no informe de Intervención antes citado, debendo dotarse o crédito no actual Orzamento 2018 nas aplicacións orzamentarias e polos importes que se reflicten no citado informe.

A xustificación da imposibilidade de demorar a execución ata o ano seguinte ven reflectida na proposta da Presidencia que inicia o expediente de modificación orzamentaria de distintos servizos da Deputación, financiándose co Remanente Líquido de Tesourería para gastos xerais.

En resumo, a modificación consiste en:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

| Aplicacións orzamentarias | | Importe |
|---|---|---|
| 1350.65009 | Protección Civil, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos | 50.000,00 |
| 1531.65009 | Acceso ós núcleos de poboación, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos | 100.000,00 |
| 1720.65009 | Protección e mellora do medio ambiente, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos | 800.000,00 |



San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.:982 260 000 - Fax: 982 260 195 www.deputacionlugo.org

| | | |
|---|---|---|
| 2315.65009 | Centros de Atención a Maiores, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos | 300.000,00 |
| 3410.481 | Prom. e fomento do deporte, Premios, becas, pensións de estudo e investigación | 100.000,00 |
| 4320.640 | Inform. e promoción turística, Gastos en investimentos de carácter inmaterial | 250.000,00 |
| 4590.779 | Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral | 300.000,00 |
| 9430.762 | Transferencias de Capital a outras Entidades Locais | 2.290.000,00 |
| | TOTAL | 4.190.000,00 |

**Financiamento:**

| Concepto Ingresos | Denominación | Importes |
|---|---|---|
| 870.00 | Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais | 4.190.000,00 |

Lugo, 18 de maio de 2018,
O PRESIDENTE,

Darío Campos Conde



San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.:982 260 000 - Fax: 982 260 195

# Proposta

**Asunto:** Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2018, vía Suplemento de Crédito.

Vista a proposta de Presidencia así como o informe de Intervención, considerando a necesidade e urxencia de executar as actuacións reflectidas neles, e dada a insuficiencia de crédito adecuado e suficiente no vixente Orzamento, segundo figura na memoria que acompaña á presente proposta, proponse ao Pleno desta Deputación a adopción dos seguintes acordos:

**1)** Aprobar inicialmente a modificación do vixente Orzamento, vía suplemento de crédito polo importe de 4.190.000,00 €, co seguinte detalle:

SUPLEMENTO DE CRÉDITO:

| Aplicacións orzamentarias | | Importe |
|---|---|---|
| 1350.65009 | Protección Civil, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos | 50.000,00 |
| 1531.65009 | Acceso ós núcleos de poboación, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos | 100.000,00 |
| 1720.65009 | Protección e mellora do medio ambiente, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos | 800.000,00 |
| 2315.65009 | Centros de Atención a Maiores, Gastos en investimentos xestionados para outros entes públicos | 300.000,00 |



San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.:982 260 000 - Fax: 982 260 195 www.deputacionlugo.org

| | | |
|---|---|---|
| 3410.481 | Prom. e fomento do deporte, Premios, becas, pensións de estudo e investigación | 100.000,00 |
| 4320.640 | Inform. e promoción turística, Gastos en investimentos de carácter inmaterial | 250.000,00 |
| 4590.779 | Estradas, Outros investimentos de rep. en infraest. e bens destinados ao uso xeral | 300.000,00 |
| 9430.762 | Transferencias de Capital a outras Entidades Locais | 2.290.000,00 |
| | TOTAL | 4.190.000,00 |

**Financiamento:**

| Concepto Ingresos | Denominación | Importes |
|---|---|---|
| 870.00 | Remanente Líquido de Tesourería para Gastos Xerais | 4.190.000,00 |

**3)** Dispoñer a tramitación procedente para a efectividade do acordado, conforme ás normas establecidas, quedando a disposición do público na Secretaría Provincial por un prazo de quince días hábiles, computando dito prazo a partir do día seguinte á inserción do anuncio de exposición ao público no BOP, todo isto aos efectos de reclamacións, considerándose definitivamente aprobado si durante o citado período non se presentasen reclamacións; en caso contrario, o Pleno disporá dun prazo dun mes para resolvelas.

Lugo, 18 de maio de 2018,
O PRESIDENTE,

Darío Campos Conde



San Marcos, 8 - 27001 Lugo - Tel.:982 260 000 - Fax: 982 260 195 www.deputacionlugo.org

DEPUTACION DE LUGO

# Informe de Intervención

**Asunto:** Proposta de Modificación do Orzamento da Deputación 2018, vía Suplemento de Crédito.

Vista proposta de modificación, memoria, informes que anteceden e demais documentación do expediente, emítese o seguinte informe:

En relación á modificación proposta de suplemento de crédito, a lexislación aplicable é a contida no artigo 177 do TRLRFL, os artigos 35 a 38 do R.d. 500/90, do 20 de abril, a Lei orgánica de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira, o REO, e a base nº6 de execución do Orzamento Xeral 2018. Ao parecer da que subscribe, a proposta de modificación axústase a ditas normas.

Lugo, a 18 de maio de 2018,
A INTERVENTORA,

Rosa Abelleira Fernández